



Miguel López
Director Financeiro
Internaco



// Sector
Medioambiental



// Localización
Ordes



// Ano de constitución
1977



// Nº empregados
+100

// Descrición da empresa

En 1969 Manuel Concheiro García accede á distribución en exclusiva a nivel nacional de Husqvarna, fabricante líder mundial no sector forestal e de xardinería. Para poder atender mellor ao crecente volume de vendas de Husqvarna, en 1976 nace Internaco S.A. A partir de entón fóronse incorporando novos produtos á carteira da empresa: os motores xaponeses Subaru e Yanmar (en 1995 e 1999 respectivamente), ademais de engadir Portugal á área de exclusividade desta marca. Desde o ano 1999, Internaco S.A. desenvolve a súa propia marca de equipos industriais para alugueiro e obra pública. BENZA situouse, nestes máis de 10 anos, como unha das primeiras marcas de equipamentos do sector pola súa altísima calidade e robustez. Recentemente, Internaco S.A. foi diversificando a súa actividade con novas liñas de negocio, o que supuxo a incorporación de marcas exclusivas, como as líderes europeas de compactación e reciclaxe Tomra e Runi e a marca alemá de hidrolimpadoras profesionais Kraenzle.

"Este servizo supuxo para Internaco capacitar ao noso personal na detección dos refugallos"

Miguel López. Director Financeiro de Internaco

// Descrición do proxecto

Unha das principais preocupacións de Internaco era a eficiencia nos procesos da empresa, xa que estaban a crecer a pasos axigantados, o que facía, á súa vez, que estes procesos fosen máis complexos e difíciles de controlar, polo que moitas das formas de traballo empregadas quedaban obsoletas. Decidiron acceder a este servizo coa intención de optimizar o proceso de preparación de pedidos en almacén de recambios, mediante a formación e implicación de todo o persoal involucrado no proceso. A metodoloxía exposta polo axente colaborador foi sinxela.

Tras a observación de procesos críticos dentro das actividades do almacén, realizouse unha formación orientada a recoñecer as ineficiencias do día a día que, xa sexa pola famosa frase "sempre se fixo así" ou pola falta de tempo para levar a cabo melloras, convivimos con elas. Despois realizouse unha tormenta de ideas, onde todo o persoal achegou opinións para lograr melloras ou comentou problemas diarios nos que, tras medirse, se implantaron certas solucións.





// O resultado

Este servizo supuxo para Internaco a capacitación do seu persoal de almacén na detección dos refugallos diarios cos que normalmente convivían e que reducían drasticamente a eficiencia nos seus procesos. Gran parte destas ineficiencias púidose solucionar de maneira sinxela coas achegas do propio persoal. Agora dispoñen dunha nova visión de todos os seus procesos. Neste caso, a maioría dos beneficios foron indirectos, xa que se cuestionaron a súa forma de traballar e fomentaron a participación de todo o persoal. Isto, a longo prazo, reflectirase nos custos.

“Grazas ao programa Re-acciona, agora Internaco dispón dunha nova visión de todos os seus procesos”

Miguel López
Director financeiro de Internaco



// Web
<http://web.internaco.com>



// Vídeo
Ver video

Re-acciona

Programa para a mellora da competitividade das pemes galegas posto en marcha polo Igape e que conta coa cofinanciación da Unión Europea a través do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.